

Guía para o voluntariado en violencia de xénero

XUNTA DE GALICIA

EDITA: Xunta de Galicia
Secretaría Xeral da Igualdade
Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero

Dep.Legal: C 626-2013

Índice

1. Que é ser voluntario/a?.....	5
2. Que é a violencia de xénero?	5
3. Tipificación da violencia de xénero	5
4. A escalada e o ciclo da violencia de xénero.....	7
5. Consecuencias da violencia de xénero nas mulleres e nas súas fillas e fillos	9
6. Mitos e realidades arredor da violencia de xénero.....	12
7. Indicadores para a detección dos malos tratos.....	14
8. Labor da persoa voluntaria en violencia de xénero.....	16
9. Recursos para as vítimas de violencia de xénero	20
10. Dereitos das mulleres que sofren violencia de xénero.....	23
11. Datos de interese.....	25
12. Glosario	34

1. Que é ser voluntario/a?

<<Ten a consideración de persoa voluntaria a persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e mais nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria>> artigo 6 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria (DOG nº 242, do 21 de decembro de 2011)

2. Que é a violencia de xénero?

<<Enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.>> artigo 1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 152, do 7 de agosto)

A violencia de xénero é a máxima expresión da desigualdade existente entre mulleres e homes, baseada na afirmación da superioridade deles sobre elas e apoiada pola socialización diferencial en función da pertenza a un ou outro sexo como principal mecanismo de perpetuación dun sistema patriarcal no que os roles de xénero favorecen a dominación masculina fronte á subordinación feminina. As vítimas son mulleres polo feito mesmo de ser mulleres.

3. Tipificación da violencia de xénero

A lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, no seu artigo 3, establece a tipificación da violencia de xénero e di que se consideran formas de violencia de xénero, fundamentalmente, as seguintes:

a) Violencia física: calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividades, aínda que sen convivencia.

Pode ser exercida por homes do seu contorno familiar ou ben laboral e social.

b) Violencia psicolóxica: admite múltiples modalidades de agresión intelectuais ou morais e toda conduta verbal que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coacción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, é dicir, que teña como finalidade a anulación desta.

Ao igual que a violencia física tamén pode ser exercida por homes do seu contorno familiar ou ben laboral e social.

c) Violencia económica: privación intencionada, e non xustificada legalmente, do acceso aos recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos; falamos da desigualdade no acceso aos recursos dispoñibles no ámbito de convivencia da parella.

d) Violencia sexual e abusos sexuais: inclúe calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller e abarca a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

e) Acoso sexual: é tipificado pola Unión Europea como un risco emerxente na seguridade e saúde no traballo. Partindo deste punto, podemos dicir que se trata de comportamentos verbais, non verbais ou físicos de índole sexual e non desexados, nas que un suxeito activo se vale dunha situación de superioridade para solicitar favores de índole sexual empregando a chantaxe segundo as expectativas que a vítima teña sobre o traballo.


f) Tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación: calquera que fose a relación que una a vítima co agresor e o medio utilizado.

g) Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou poida lesionar a liberdade ou integridade das mulleres.

4. A escalada e o ciclo da violencia de xénero

No ámbito da parella, o maltrato cara ás mulleres desenvólvese xeralmente seguindo unhas pautas concretas. Coñecer como se xera, os efectos e consecuencias é fundamental para entender e axudar a muller que sofre violencia.


ESCALADA DA VIOLENCIA



O maltrato comeza con condutas de abuso psicolóxico baixo a forma e expresión de actitudes de coidado e protección. Habitualmente estas condutas, que adoitan ser a antesala do maltrato físico, non se perciben por parte das mulleres como agresivas, senón como manifestacións do carácter da parella ou de características masculinas por excelencia (rol dominante e protector).

O aumento progresivo da violencia, ata chegar ás agresións físicas e mesmo á morte, pode estenderse ao longo dun prolongado período de tempo, durante o cal se incrementa a perda de referencias, de autoestima e de seguridade persoal, de maneira que é difícil para as mulleres vítimas percibir e entender o significado e a transcendencia do proceso no que están inmersas, así como o risco que corren.

CICLO DA VIOLENCIA



Tensión: caracterízase por unha escalada gradual de tensión que se manifesta en actos que aumenta a fricción e os conflitos entre a muller e o home, como insultos abuso físico... As discusión intensifícanse por cuestións intranscendentes dando paso á agresión física.

Agresión: cando o proceso deixa de responder a algún tipo de control na fase de acumulación de tensión terá lugar a seguinte fase, “de agresión”, que se caracteriza por unha descarga incontrolada das tensións que se foron acumulando e que levan a que se produza un incidente agudo de agresión. Estalla a violencia e teñen lugar as agresións físicas, psíquicas e/ou sexuais. É a fase onde se mostra unha maior capacidade lesiva, aínda que é a máis breve das tres que conforma golpes séguelle outra de calma, tamén chamada de “lúa de mel”, caracterizada por unha conduta de arrepentimento e afecto do home agresor e de aceptación da muller que cre na súa sinceridade e en que este cambiará. Nesta fase predomina unha imaxe idealizada da relación, acorde cos modelos convencionais de xénero. Pero, ao remate desta fase o ciclo comezará de novo, aumentando as anteriores en frecuencia e intensidade.


RECORDA:

A comprensión do ciclo da violencia é moi importante para saber como deter ou prever os incidentes de agresión:

1. Tensión: constrúense as tensións.
2. Agresión: a violencia explota.
3. Arrepentimento: fase de calma ou de interludio amoroso

Se este ciclo non se rompe a tempo, as agresións repetiranse con máis frecuencia e máis intensidade, con maior gravidade e risco para a muller.

5. Consecuencias da violencia de xénero nas mulleres e fillas e fillos



A violencia de xénero produce nas vítimas superviventes e nos seus fillos e fillas danos moi graves, físicos, psicolóxicos, sexuais e reprodutivos a curto e a longo prazo e por suposto danos sociais.

Síntomas e efectos na saúde física

Efectos derivados directamente do maltrato: golpes feridas fracturas, discapacidades... O cadro máis frecuente é o que abarca lesións na cabeza, cara, colo, peito e abdome, combinado con lesión antigas e recentes.

Os efectos derivados da tensión e do estrés continuado prodúcelle á vítima esgotamento e desgaste físico, baixo sistema inmunitario, dores de cabeza, problemas respiratorios e cardíacos, insomnio e problemas relacionados coa alimentación: anorexia, bulimia, anemia, diarreas ...

Como consecuencia disto prodúcese unha maior inxestión de psicofármacos e posiblemente consumo de tabaco e alcohol...

Síntomas e efectos na saúde psíquica

A primeira reacción da muller vítima de violencia consiste nunha autoprotección e en tratar de sobrevivir ao suceso, aparecen reaccións de shock, negación, confusión, ansiedade, temor e dores non específicos. Saben que en calquera momento se pode producir unha nova agresión o que fai que as mulleres presenten unha baixa autoestima, culpabilidade, vergoña e temor. O diagnóstico clínico é o de depresión.

A repetición do ciclo da violencia instaura a síndrome da indefensión aprendida, unha síndrome que promove un estado de parálise progresiva no que a muller aprende e aprehende que faga o que faga sempre será maltratada..

Guía para o voluntariado en violencia de xénero

A dependencia emocional é a máis difícil de verbalizar e de rachar; a muller permanece unida ao seu agresor e resúltalle moi difícil escapar desa situación; necesita a axuda dos mecanismos sociais que actúen como tesoiras que permitan liberalala.

Unha das consecuencias do maltrato á muller é a presenza nestas do trastorno de estrés postraumático (TEP) que é común naquelas persoas que sufriron unha lesión psíquica importante. A sintomatoloxía que presentan é a reexperimentación dos recordos das agresións, pesadelos recorrentes, a evasión de todo o asociado aos episodios violentos, un atoamento na súa capacidade de resposta e un aumento do estado da activación que se manifesta en irritabilidade, sobresalto, estados constantes de alerta...

Síntomas e efectos na saúde sexual

Como consecuencia das relacións sexuais impostas, vividas con medo e con dor, a muller sofre perda do desexo sexual, desenvolvemento de fobias e dificultades para gozar a sexualidade no futuro. Tamén sofren problemas xinecolóxicos: infeccións recorrentes, enfermidades de transmisión sexual, dor pelviana, problemas urinarios...

Síntomas e efectos na saúde reprodutiva

Unha consecuencia importante son os embarazos non desexados con ameazas de abortos, abortos, abortos clandestinos, partos prematuros con baixo peso da criatura...

Síntomas e efectos de carácter social

Ademais das consecuencia na saúde tamén hai consecuencias sociais. A violencia xera na muller illamento, falta de participación, dificultade para unha relación futura, redución da súa produtividade, absentismo laboral, perda sistemática de emprego...

Sobre as consecuencias que a violencia de xénero ten nas vítimas pódense extraer as seguintes conclusións:

- > Canto máis severo é o maltrato, maior é o impacto na saúde física e mental das vítimas.
- > As consecuencias persisten aínda cando os malos tratos desaparecen.
- > As repercusións son acumulativas.

Consecuencias no ámbito familiar: fillas e fillos

Presenciar e escoitar situacións de violencia de xénero ten efectos psicolóxicos negativos nos fillos e fillas.

Os fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia son vítimas directas dos malos tratos.

A visión constante de episodios de violencia pode provocar no/na menor un desenvolvemento de condutas nocivas, ao mesmo tempo que pode repercutir directamente sobre a súa saúde do seguinte xeito:

- Dificultades no trato con outras persoas.
- Represión de sentimentos.
- Redución de autonomía.
- Perigo de quedar psicoloxicamente nunha etapa anterior.
- Na maior parte dos casos presentan memoria distorsionada, mingua das súas capacidades cognitivas, ansiedade, depresión, estrés, dificultades de concentración, enfermidades psicosomáticas, alteracións do desenvolvemento integral...

Consecuencias para a sociedade

Os custos sociais e económicos que ten a violencia de xénero son enormes e repercuten en toda a sociedade. As mulleres poden chegar a atoparse illadas cunha menor participación no mercado de traballo, menor produtividade, absentismo laboral... Bens e servizos investidos no tratamento e prevención da violencia, coidados médicos, sistema policial, sistema de servizos e axudas sociais....

É moi habitual que os cidadáns e as cidadás se pregunten por que as mulleres soportan tantos anos de violencia, por que non o contan e piden antes axuda. Pero o que hai que preguntarse é QUE OBSTÁCULOS LLES IMPIDEN SAÍR DESTA SITUACIÓN?.

6. Mitos e realidades arredor da violencia de xénero

Os mitos empréganse para escusar, minimizar e/ou ocultar a existencia da violencia de xénero. Porén non son certos, a violencia de xénero é un delito cuxo único responsable é o agresor.

MITOS	REALIDADES
<p>A violencia de xénero é debida a unha perda momentánea do control.</p>	<p>A violencia non é algo que suceda ocasionalmente, de forma illada, nun enfado ou discusión. É unha actitude que forma parte dun patrón de comportamento que irá aumentando as súas manifestacións co tempo.</p>
<p>A violencia de xénero é un asunto privado no que ninguén debe meterse.</p>	<p>Ningún acto que lle provoque danos a unha persoa pode considerarse un asunto privado, senón que é un delito.</p>
<p>O maltrato psicolóxico ou emocional non é tan grave como o físico.</p>	<p>A violencia psicolóxica pode ser tan destrutiva e ter consecuencias tan graves como a física.</p>
<p>Os casos de violencia contra a muller son casos illados.</p>	<p>No ano 2012 foron asasinadas en España a mans da súa parella ou ex-parella 49 mulleres, 4 delas en Galicia. Estes datos constitúen o indicador máis visible e doloroso, aínda que non o único, da magnitude e gravidade do problema.</p>
<p>Ás mulleres que son maltratadas debe gustarlles porque do contrario deixarían o agresor e separaríanse.</p>	<p>Un bo número de mulleres non denuncian por medo, por baixa autoestima, por dependencia emocional e económica, por vergoña, indenfensión, crer que as súas fillas e fillos sufrirán, medo a que a familia non entenda a situación... Ningunha muller aguanta porque lle guste estar así.</p>
<p>Se unha muller é maltratada será porque fixo algo.</p>	<p>O agresor busca excusas que xustificuen a violencia pero nada xustifica o maltrato.</p>
<p>A violencia prodúcese contra mulleres cunhas características determinadas de personalidade ou que teñen un comportamento provocador.</p>	<p>Calquera muller pode ser vítima de violencia de xénero, non depende do que faga ou non a muller, senón do significado que o home lle dea á conduta dela.</p>

MITOS	REALIDADES
As mulleres maltratadas teñen que aguantar polas súas fillas e fillos.	As nenas e os nenos tamén son vítimas. Ser testemuñas desa violencia ten consecuencias graves sobre o benestar emocional e a saúde física das e dos menores.
As mulleres maltratadas pertencen a familias con problemas económicos, sociais ou son inmigrantes ou pertencen a determinados grupos étnicos.	A violencia de xénero afecta a todo tipo de mulleres, con independencia do seu nivel de estudos, da súa idade, clase social, etnia....
Os maltratadores teñen uns trazos psicossociais diferentes aos dos homes en xeral.	Os homes que maltratan non son diferentes na maioría das súas características do resto dos homes. Non hai un perfil de agresor, nin por idade nin por constitución, nin por raza ou relixión nin por carácter.
Os homes exercen a violencia porque non poden controlarse.	En moitos casos o agresor elixe de forma “controlada” o lugar, as vítimas, o momento no que agredir e mesmo as partes do corpo da muller para golpear sen que deixe marca. Polo tanto, non pode dicirse que existe “falta de control”.
O maltratador é un enfermo mental, ten problemas psicolóxicos.	Só nunha baixa porcentaxe de agresores existe enfermidade mental ou problemas psicolóxicos. A violencia está motivada por un desexo de controlar e manter o poder sobre a muller.
Hai homes violentos por natureza que maltratan as súas mulleres. A conduta violenta é algo innato.	A maioría dos que exercen violencia sobre a súa parella non son violentos con outras persoas. O problema non é a ira senón que deciden descargala cunha persoa en concreto por considerar que teñen pleno dereito para facelo para exercer a súa autoridade e control.
Os homes que maltratan as mulleres teñen problemas co alcohol ou coas drogas.	O alcohol e as drogas poden actuar como desencadeante ou agravar a violencia, pero non son a causa, nin a xustifican. Hai moitas persoas que beben ou toman drogas e non maltratan.

7. Indicadores para a detección dos malos tratos

Son varios os indicadores comúns nos maltratadores e nas vítimas que nos poden axudar a detectar a violencia de xénero.

Indicadores que presenta o maltratador:

- Resolve os conflitos con hostilidade, ameazas
- Utiliza a violencia co fin de dobregar a vontade da vítima.
- Non acepta o rexeitamento.
- Proxecta emocións extremas sobre outras persoas: amor, odio, etc.
- Ten actitudes sexistas e crenzas estereotipadas das mulleres.
- Vixía e persegue a muller.
- Cambios constantes no estado de ánimo.
- Control estrito do diñeiro para saber que compra, con quen se relaciona, etc.
- Rompe cousas cando se enfada.
- Esixe cariño e atención completa.
- Excesivamente celoso e posesivo.
- Evita ou critica que a muller se relacione con outras persoas, que traballe, que estude...
- Menospreza, critica e humilla a súa parella.
- Culpabiliza a muller da violencia exercida sobre ela.
- Pode mostrarse como vítima da situación.
- Adoita ter unha dobre cara: mostra un comportamento exemplar fóra do fogar.
- Non acepta ter un problema e considera que non precisa axuda especializada.

No caso das mulleres os indicadores para a detección dos malos tratos poden ser psicolóxicos e/ou físicos e de violencia sexual.

Indicadores psicolóxicos:

- Íllase socialmente
- Ansiedade
- Conduta autodestrutiva
- Confusión e definicións vagas do suceso
- Defensa do rol masculino constante, gabanza constante da importancia da figura masculina
- Depresión
- Dificultades de concentración
- Irritabilidade, mostra unha actitude defensiva

- Mostra sentimentos de culpabilidade
- Pouco comunicativa, con escasas habilidades sociais
- Temor
- Tende a desvalorizarse
- Trastornos do sono
- Trastorno alimenticios (bulimia, anorexia)
- Vergoña

Indicadores físicos:

- Rabuñadas
- Hematomas
- Discapacidades non explicadas
- Dores crónicas: dores de cabeza, palpitations, dor abdominal, de costas, pelviana, etc.
- Fracturas de diversa índole: nariz, cranio, mandíbula, etc.
- Lesións en órganos internos
- Perforacións de tímpano
- Mordeduras
- Problemas dentais
- Queimaduras de cigarros nas pernas, torso, etc.

Indicadores de violencia sexual:

- Ansiedade
- Condutas autolíticas
- Disfunción sexual
- Hematomas e feridas na parte interior das coxas, peitos, etc.
- Dores xenitais
- Insomnio
- Temor
- Vergoña

8. Labor da persoa voluntaria en violencia de xénero

A persoa voluntaria debe prestar **apoio** á muller maltratada. Saber escoitala e facer que se sinta acompañada, que non está soa.

- **Información:** as mulleres deben saber como actuar de cara á súa protección e dos recursos de que dispoñen. Neste eido, o labor da persoa voluntaria debe ser complementario do labor de información e atención desenvolvido polos servizos especializados.
 - **Acompañamento** para realizar determinadas actuacións, solicitar un parte de lesións, aguantar un xuízo rápido, presentar unha denuncia nunha comisaria (moi aconsellable estar asistidas por avogada/o), solicitar praza nunha casa de acollida son pasos duros para unha muller maltratada sobre todo se ten que afrontalos soa.
 - **Fomento da axuda mutua:** que coñezan a outras mulleres que están pasando ou pasaron pola mesma situación, que se acompañen, busquen traballo, vivenda, que coiden dos nenos e nenas.
 - **Derivación** aos servizos e programas de apoio e de atención especializada.
 - Sensibilización a todos os niveis da sociedade respecto de que este é un problema da cidadanía, que a todas e a todos nos pode tocar de cerca, sendo fundamental unha educación preventiva.
- É imprescindible **garantir a confidencialidade** dos datos e da problemática de cada muller.

As **actitudes que a persoa voluntaria** debe adoitar cando se atope ante unha muller da que sabe ou sospeita que está sendo vítima de violencia de xénero:

- Empatía coa muller.
- Practicar unha escoita activa e conseguir unha comunicación fluída coa muller.
- Dar espazo á súa expresión emocional. Apoiala na expresión dos seus sentimentos.
- Non xulgala; respectar as súas decisións e o seu ritmo.
- Nomear e visibilizar a violencia durante todo o tempo ou proceso da muller pola organización ou entidade na que exerces a acción voluntaria.
- Transmitir sensibilidade e apoio ante a vivencia de sufrir violencia de xénero e ante o impacto emocional que ten a muller.
- Recoñecer e dar valor ás habilidades, competencias e logros da muller.

É importante saber:

*Os **factores máis relevantes que inciden en que a muller permaneza durante anos ao lado do seu agresor** ou que incluso volva co agresor despois de romper a relación:

- A non percepción do maltrato
- A esperanza de que el cambie

- A inseguridade e baixa autoestima
- A indefensión aprendida
- A dependencia emocional do agresor
- A vergoña e sentimento de culpa
- A preocupación polos fillos e fillas.
- Sentimento de fracaso
- Os conflitos entre o debe ser e o querer ser
- O medo á soidade
- O medo ás represalias do agresor
- O illamento social

*As diferentes técnicas de manipulación empregadas polo agresor, maltratador, para exercer o dominio e liberarse da responsabilidade do maltrato:

- Xerar culpa a través do uso constante da atribución da violencia a causas externas a el non asumindo a parte de responsabilidade que lle corresponde na xeración dos conflitos
- Xerar confusión a través da manipulación poñendo en dúbida as percepcións da muller ata que esta acaba realmente dubidando.
- Xerar depresión a través dunha redución progresiva da autoestima da muller utilizando mensaxes descualificadoras.
- Xerar vergoña a través de críticas permanentes, de humillacións diante doutras persoas e utilizando os puntos débiles da muller.
- Xerar temor a través de ameazas directas.
- Xerar sometemento a través da manipulación dos tempos, dos espazos, do corpo e das condutas da muller como se se tratasen de obxectos da súa propiedade.

*Ter un bo coñecemento da **contorna familiar** da vítima. Isto axudará a saber con que recursos de apoio conta a muller vítima e como lle afecta a esta realidade familiar. Pódense dar varios casos:

- Que descoñeza o que ocorre ou non é consciente do proceso de illamento a que foi sometida a muller.
- Ou que, coñecendo o que ocorre, non o valoran na súa gravidade e perigo, chegando a recomendar, en moitas ocasións, que continúe co agresor, por vergoña, por estigma social.
- Non queren saber nada. A contorna familiar está atemorizada polo agresor (isto adoita darse en casos de persoas maiores, por exemplo).

Guía para o voluntariado en violencia de xénero

*As mulleres e as persoas que as rodean **deben ter en conta**:

a) **Buscar axuda**. Desde o inicio hai que buscar información, orientación e asesoramento especializado, incluso antes de interpoñer a denuncia, a través dos servizos e centros destinados a este fin.

b) **Denunciar**. Os malos tratos agrávanse progresivamente co paso do tempo. Non denunciar por medo nunca ten resultados positivos. Volverá a ocorrer e cada vez será peor. A muller debe ser informada do seu dereito a facelo e da conveniencia de facelo desde os primeiros momentos. Sempre apoiada por profesionais especializados en violencia de xénero.

c) **Facer uso dos recursos de protección**. Coa denuncia, pode que a situación de risco continúe e incluso aumente (é moi frecuente). Hai que orientar a muller e facilitar a solicitude de medidas de protección, se fose preciso, tanto no ámbito xudicial (orden de protección ou medidas cautelares como o afastamento) como no social (acollemento nun centro, teleasistencia móbil etc).

d) **Non contactar nin acercarse ao agresor**. É de vital importancia informar sobre as consecuencias que isto pode ocasionar, así como sobre o incumprimento da orde de afastamento e, se fose o caso, da necesidade de comunicar á policía calquera violación desta por parte do agresor. Nunca se debe minimizar o risco que se eleva no momento en que a muller verbaliza o seu desexo de poñer fin á relación ou no momento en que se presenta a denuncia e posteriores.

***Denuncia dos feitos**: é moi importante asesorarse convenientemente antes de iniciar un trámite legal. Para iso, pódese acudir aos centros de información ás mulleres, ao teléfono das mulleres, aos servizos sociais ou as asociacións especializadas que prestan asesoramento xurídico gratuíto.

***Quen pode denunciar?**: a propia vítima da agresión, e calquera persoa que teña coñecemento dela. Segundo a lexislación vixente, calquera que teña coñecemento dunha agresión ten lexitimización para interpoñer unha denuncia.

***Onde e como se presenta a denuncia?**: De ser posible, é importante que a muller se informe e asesore antes de presentar a denuncia. Pódese presentar en calquera destes lugares:

- Comisaría de Policía Nacional.
- Posto da Garda Civil.
- Xulgado de garda.
- Policía Local, cando é urxente e non hai ningún dos anteriores.

***Orde de protección**: pode ser solicitada pola muller vítima da violencia de xénero, polos seus fillos e fillas, polas persoas coas que convivan, polo Ministerio Fiscal ou por calquera

administración da que dependan os servizos de atención ou acollida. O xuíz ou xuíza que ten coñecemento da situación de violencia, tamén pode acordala de oficio.

A orde de protección concentra nunha única resolución a adopción de medidas de natureza penal, como a prohibición de que o agresor se aproxime á vítima e/ou aos seus familiares ou a outras persoas (é o que se denomina “orde de afastamento”); medidas de índole civil, como a atribución do uso e gozo da vivenda familiar; a determinación do réxime de custodia, visitas, comunicación e estancia cos fillos e fillas e o réxime de prestación de alimentos; activando ao mesmo tempo os instrumentos de protección social establecidos nas distintas administracións públicas: estatal, autonómica e local.

É moi importante que a muller non se esqueza de solicitar as medidas civís cando presenta a denuncia e solicita a orde de protección.

9. Recursos para as vítimas de violencia de xénero

Nestes momentos, **cabe destacar, entre outros, os seguintes recursos** a que poden acceder as mulleres vítimas de violencia de xénero en Galicia.

RECURSOS ECONÓMICOS	
Nome	Descrición
Axudas económicas de pagamento periódico (Secretaría Xeral da Igualdade-Xunta de Galicia)	Apoio económico a mulleres que sofren violencia de xénero para lles garantir unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.
Axudas económicas de pagamento único (Secretaría Xeral da Igualdade-Xunta de Galicia)	Axudas destinadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero que teñan rendas non superiores, en cómputo mensual, ao 75% do salario mínimo interprofesional e que polas súas circunstancias teñan especiais dificultades para obter un emprego.
Indemnizacións (Secretaría Xeral da Igualdade-Xunta de Galicia)	Axudas que se aboan por unha soa vez a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas que residan en Galicia e que non poidan percibir as indemnizacións que lles correspondan polos danos e perdas causados e que resultaran fixadas mediante sentenza xudicial.
Renda de integración social de Galicia (RISGA) (Consellería de Traballo e Benestar-Xunta de Galicia)	Prestación social de carácter periódico destinada a garantirlles recursos económicos de subsistencia ás persoas que, por diversos motivos, se atopan nunha situación de precariedade a través do deseño dun proxecto personalizado que inclúe un conxunto programado de accións que perseguen o fin último da integración social da persoa. Unha das condicións de acceso é ser vítima de violencia de xénero que cambia o seu domicilio por motivos de seguridade.
Renda activa de inserción (RAI) (Servizo Público de Emprego-Ministerio de Emprego e Seguridade Social)	Trátase dun programa para persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultades para atopar un emprego e que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral; un programa que combina a percepción dunha renda coa busca activa de emprego. Poderán ser tamén beneficiarias deste programa as mulleres que teñan acreditada a condición de vítima de violencia de xénero.
Axudas á vivenda (Instituto Galego de Vivenda e Solo-Xunta de Galicia)	Consisten en prestar apoio no aluguer ou merca dunha vivenda. Para acceder a estas axudas é necesario: - Acreditar ser vítima da violencia de xénero mediante orde de protección xudicial a favor da solicitante, informe dos servizos sociais correspondentes ou do centro de acollida, resolución xudicial ou informe do ministerio fiscal. - Cumprir os requisitos de renda. Non superar ingresos segundo a axuda solicitada

SERVICIOS/ PROGRAMAS ESPECÍFICOS	
Nome	Descrición
<p>Teléfono de información ás Mulleres (Secretaría Xeral da Igualdade-Xunta de Galicia)</p>	<p>900 400 273. Servizo gratuito que funciona as 24 horas do día e ten cobertura en toda a comunidade autónoma. As chamadas son atendidas por un equipo multidisciplinar. Ofrece información e asistencia social e psicolóxica, asesoramento legal, laboral e xurídico á muller. Posibilidade de atención en 51 idiomas. Posibilidade de atención a persoas con discapacidade auditiva.</p> <p>016. Servizo telefónico de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero, con atención as 24 horas do día os 365 días do ano, con servizo de asesoramento xurídico telefónico.</p>
<p>Atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero (Secretaría Xeral da Igualdade-Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia)</p>	<p>As mulleres que sofren violencia de xénero teñen á súa disposición un programa de atención psicolóxica que lles axuda a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades e capacidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral. Tamén as/os menores e persoas delas dependentes poden utilizar este recurso.</p> <p>Teléfono de contacto: 629 777 595</p>
<p>Servizo Atenpro: teleasistencia móbil (Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade)</p>	<p>O servizo Atenpro para mulleres que sofren violencia de xénero asegura unha atención inmediata as 24 horas do día, os 365 días do ano.</p> <p>Este programa baséase na utilización de telefonía móbil e telelocalización para que, en caso de que a muller necesite atención inmediata, esta poida estar permanentemente localizable e conte cun servizo de atención ininterrompido.</p> <p>Este servizo, ademais, non se ve limitado só á atención e demandas ocasionais; tamén establece actuacións programadas de carácter preventivo que se levarán a cabo mediante o contacto periódico coas afectadas. Solicítase a través do CIM ou dos servizos sociais municipais.</p>
<p>Abramos o Círculo (Secretaría Xeral da Igualdade-Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia)</p>	<p>Programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, co seu círculo social e desexen adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.</p> <p>Teléfono de contacto: 630 170 140.</p>
<p>Asistencia xurídica gratuíta (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Xunta de Galicia)</p>	<p>As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA se os ingresos non superan o dobre do salario mínimo interprofesional ou, aínda que sexan superiores, se existen circunstancias que denoten a falta de recursos económicos.</p>
<p>Asesoramento xurídico en liña (Secretaría Xeral da Igualdade-Xunta de Galicia)</p>	<p>Trátase dun servizo en liña para proporcionar, de maneira gratuíta, información e asesoramento xurídico sobre diversas cuestións, entre elas a violencia de xénero, agresións e abusos sexuais, o acoso sexual, a conciliación familiar, discriminacións por razón de sexo, prostitución e trata etc. por parte de profesionais especializados nas materias de consulta.</p> <p>http://igualdade.xunta.es/asesoramentoxuridico</p>

Guía para o voluntariado en violencia de xénero

SERVIZOS/ PROGRAMAS ESPECÍFICOS	
Nome	Descrición
Servizo de teletradución (Secretaría Xeral da Igualdade-Xunta de Galicia)	Servizo de teletradución a 51 idiomas que está dispoñible no teléfono de información ás mulleres, en CIM, casas de acollida e entidades e ONG que asisten a mulleres vítimas de trata ou de violencia de xénero.
Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia (Consellería de Traballo e Benestar-Xunta de Galicia)	Ten como obxectivo fomentar a integración sociolaboral a través das diversas medidas activas de emprego das mulleres vítimas de violencia que estean desempregadas, mediante a súa participación nas diversas medidas activas de emprego da Consellería de Traballo que estean ou se poidan pór en funcionamento. As mulleres que se incorporen e, consecuentemente, sexan beneficiarias do programa, gozarán de: a) Preferencia no acceso aos programas de mellora da empregabilidade, aos programas mixtos de formación-emprego, e aos de cooperación ou experienciais. b) Incentivos adicionais para a súa contratación por conta allea e nas distintas fórmulas de autoemprego.
Punto de coordinación das ordes de protección (Secretaría Xeral da Igualdade-Xunta de Galicia)	O Punto de coordinación de ordes de protección (PCOP) leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia, realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlle o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección. Desde o momento en que o PCOP recibe as ordes de protección, ou calquera outra medida xudicial de carácter cautelar, inicia un contacto coa beneficiaria a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e, a comprobación de que as ditas ordes ou medidas se cumpren correctamente.
DE ACOLLEMENTO	
Nome	Descrición
Casas de acollida	Rede articulada en colaboración cos concellos e entidades para aquelas mulleres que se atopan en situación de indefensión ou risco, no que residen por un período medio de tres meses, prorrogable se as circunstancias así o aconsellan. Proporcionan atención e apoio ás mulleres e aos seus fillos e fillas cando teñen que abandonar o fogar a causa dos malos tratos, garantindo un tratamento integral de atención e recuperación para favorecer a normalización e a superación dos efectos da violencia.
Centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero (CEMVI)	Centro xestionado de maneira integral polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (adscrito á Consellería de Traballo e Benestar), e coa colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade. Ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e as persoas delas dependentes, que se atopan inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

Os **centros de información á muller (CIM)**, distribuídos polos concellos de todas as comarcas de Galicia e que ofrecen información e asesoramento en diferentes materias, incluída a violencia de xénero.

10. Dereitos das mulleres que sofren violencia

Dereito á información	Información e asesoramento individualizado incluída a información sobre as medidas de protección e seguridade, sobre axudas e sobre o lugar de prestación dos servizos.
Dereito á asistencia social integral: aos servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral	Organizados con base nos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional: <ul style="list-style-type: none">- Información ás vítimas- Atención psicolóxica- Apoio social- Apoio educativo á unidade familiar- Formación preventiva en igualdade dirixida ao desenvolvemento persoal da muller e á adquisición de habilidades na resolución non violenta de conflitos.- Seguimento das reclamacións dos dereitos da muller.- Apoio á formación e inserción laboral (por exemplo, acceso preferente aos procedementos de selección realizados no Servizo Público de Emprego de Galicia).
Dereitos laborais e de Seguridade Social	1) Para traballadoras por conta allea: <ul style="list-style-type: none">- Redución da xornada laboral (con redución de salario).- Reordenación do tempo traballo.- Mobilidade xeográfica.- Cambio do centro de traballo.- Suspensión da relación laboral con reserva do posto de traballo que dará lugar á situación legal de desemprego.- Extinción do contrato de traballo que dará lugar á situación legal de desemprego.- Considerar como faltas xustificadas as faltas ao traballo ou faltas de puntualidade motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da situación de violencia de xénero.- Programas específicos desde o Servizo Público de Emprego para vítimas de violencia de xénero que estean inscritas como demandantes de emprego. 2) Para traballadoras por conta propia: <ul style="list-style-type: none">- Suspensión da obriga de cotización durante un período de seis meses para vítimas de violencia de xénero que cesen na súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, que serán considerados como de cotización efectiva para os efectos das prestacións da Seguridade Social.

**Dereitos laborais e de
Seguridade Social**

3) Para as funcionarias públicas:

- Redución ou reordenación do tempo de traballo, mobilidade xeográfica, excedencia nos termos en que determine a lei.
- As ausencias totais ou parciais motivadas pola situación física ou psíquica derivada da violencia de xénero consideraranse xustificadas.

Dereito á asistencia xurídica

Esta debe ser inmediata, urxente e especializada e, só cando se acredite insuficiencia de recursos económicos para litigar, a asistencia xurídica será gratuíta.

A vítima de violencia de xénero ten dereito á **ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA**, se os seus ingresos non superan o dobre do salario mínimo interprofesional ou, aínda que sexan superiores, se existen circunstancias que denoten a falta de recursos económicos.

Dereitos económicos

Axudas sociais
Axudas á vivenda
Axudas escolares

11. Datos de interese

Teléfono da Muller 900 400 273

Secretaría Xeral da Igualdade

Edif. Admvo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 957 691
Correo electrónico: igualdade@xunta.es

Delegación Territorial da Coruña

Área de Igualdade

Praza Luis Seoane, s/n
15008 A Coruña
Telf: 881 881 256
Fax: 981 182 352

Delegación Territorial de Lugo

Área de Igualdade

Ronda da Muralla, 70
270071 Lugo
Telf: 982 294 355
Fax: 982 889 169

Delegación Territorial de Ourense

Área de Igualdade

Camiño Prado Lonia, s/n
32872 Ourense
Telf: 988 386 799
Fax: 988 386 843

Delegación Territorial de Pontevedra

Área de Igualdade

R/ Concepción Arenal, 8
36201 Vigo
Telf: 986 817 658
Fax: 986 817 399

Centros de información a Muller

CORUÑA

CIM de Ares

Avenida de Saavedra Meneces, 12
15624 Ares
Telf. 981 468 102
Correo electrónico: cim@concellodeares.com

CIM de Arteixo

Avenida do Balneario, 10 - baixo
15142 Arteixo
Telf. 981 601 415
Correo electrónico: muller@arteixo.dicoruna.es

CIM de Arzúa

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
Telf. 981 501 101
Correo electrónico: cim@arzua.dicoruna.es

CIM de Boiro

Casa do Concello - 2º andar
Praza de Galicia, s/n
15930 Boiro
Telf. 981 842 826
Correo electrónico: cim@boiro.org

CIM de Boqueixón

Forte, s/n
15881 Boqueixón
Telf. 981 513 061
Correo electrónico: cim@boqueixon.com

CIM de Carballo

Praza do Concello, s/n - planta baixa
15100 Carballo
Telf. 981 700 688
Correo electrónico: cim@carballo.org

CIM de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n
Casa do concello
15270 Cee
Telf. 981 745 100
Correo electrónico: cim@cee.dicoruna.es

CIM de Coirós

Edificio de usos múltiples, 55 A
15316 Coirós
Telf. 981 776 295
Correo electrónico: cim@coiros.es

CIM da Coruña

Rúa Hortensia s/n - A Coruña
Telf. 981 184 356
Fax 981 184 357
Correo electrónico: cim@coruna.es

CIM de Culleredo

Costa da Lonxa, nº 7 baixo - O Burgo
15670 Culleredo
Telf. 981 663 922
Correo electrónico: cim@culleredo.org

CIM de Curtis

Praza de España, 1 - Casa do Concello - 2º andar
15310 Teixeira - Curtis
Telf. 981 789 003
Correo electrónico: cim@curtis.dicoruna.es

CIM de Ferrol

Rúa Lugo, 56
15402 Ferrol
Telf. 981 944 124
Correo electrónico: cim@ferrol.es

CIM da Laracha

Edificio de uso administrativo
Avenida de Finisterre, 60
15145 A Laracha
Telf. 981 612 811
Correo electrónico: cim@laracha.dicoruna.es

CIM de Melide

Rúa Principal, 44 - 1º
15800 Melide
Telf. 981 505 706
Correo electrónico: cim@melide.dicoruna.es

CIM de Muros

Rúa Rosalía de Castro, 30 -1º
15250 Muros
Telf. 981 762 465
Fax 981 762 257
Correo electrónico: c.benestar@muros.es

CIM de Muxía

Rúa Real, 35
15124 Muxía
Telf. 981 708 595
Correo electrónico: cim@muxia.dicoruna.es

CIM de Negreira

Rúa do Carne, 3 - 2º
15830 Negreira
Telf. 981 886 320
Correo electrónico: cimnegreira@yahoo.es

CIM de Noia

Rúa do Curro, 4
15200 Noia
Telf. 981 828 011
Correo electrónico: cim.noia@hotmail.com

**CIM da Mancomunidade de Municipios da
Comarca de Ordes**

Rúa L. Xoxardo, s/n
15680 Ordes
Telf. 981 682 108
Correo electrónico: cim@ordes.dicoruna.es

CIM de Ortigueira

Rúa Recheo da Alameda, s/n - 1ª planta
15330 Ortigueira
Telf. 981 402 542
Correo elect.: cim@concellodeortigueira.com

CIM de Outes

Praza do Bosque, s/n
15230 Serra de Outes
Telf. 981 850 949
Correo electrónico: cimoutes@yahoo.es

CIM de Padrón

Praza Rodríguez Cobián, 4
15900 Padrón
Telf. 981 817 025
Correo electrónico: cim95@yahoo.es

CIM das Pontes

Rúa Rosalía de Castro, 28 – 2º - Edificio Casa
Doposo
15320 As Pontes
Telf. 981 441 008
Correo electrónico: cim@aspontes.org

CIM de Ribeira

Rúa Correos, 5
15960 Ribeira
Telf. 981 874 131
Correo electrónico: cim@riveira.com

CIM de Santa Comba

Rúa Coruña, s/n - Vivenda Comunitaria, baixo
15841 Santa Comba
Telf. 981 104 309
Correo electrónico: cim@santacomba.es

CIM de Santiago de Compostela

Rúa Isaac Díaz Pardo, 2
15705 Santiago de Compostela
Telf. 981 542 465
Correo elect.: cim@santiagodecompostela.org

CIM de Teo

Centro Sociocultural da Ramallosa, 2º andar
Ramallosa, S/N - Luci
15883 Teo
Telf. 981 809 707
Correo electrónico: cim@concellodeteo.com

CIM de Zas

Travesía de Santiago, 40
15850 Zas
Telf. 981 708 303
Correo electrónico: cim@zas.dicoruna.es

Guía para o voluntariado en violencia de xénero

LUGO

CIM de Burela

Rúa Eijo Garay, 20 (Casa do Concello)
27880 Burela
Telf. 982 580 609
Correo electrónico: cim@burela.org

CIM de Chantada

Praza de Galicia, s/n - 2ª planta - Edificio
Multiusos
27500 Chantada
Telf. 982 462 299
Correo electrónico: cimchantada@yahoo.es

CIM de Lugo

Avenida da Coruña, 212
27003 Lugo
Telf. 982 297 412
Correo electrónico: cmuller@concellodelugo.org

CIM de Mondoñedo

Barrio dos Muíños - Vivendas Sociais
Rúa Bispo Fernández de Castro, s/n - Baixo
27740 Mondoñedo
Telf. 982 521 369
Correo electrónico: cimmondonado@yahoo.es

CIM de Monforte

Rúa Ricardo Quiroga
27400 Monforte
Telf. 982 416 350
Correo electrónico: cimmonforte@yahoo.es

CIM de Palas de Rei

Rúa Bernardino Pardo Ouro, s/n
27200 Palas de Rei
Telf. 982 380 003
Correo electrónico: cim.palasderei@gmail.com

CIM de Quiroga

Rúa Real, 52 - 2º
27320 Quiroga
Telf. 982 438 951
Correo electrónico: cimquiroga@hotmail.com

CIM de Ribadeo

Rúa Bos Aires, 26 - Auditorio municipal
27700 Ribadeo
Telf. 982 120 739
Correo electrónico: cim@ribadeo.org

CIM de Sarria

Rúa Matías López, 33
27600 Sarria
Telf. 982 535 061
Correo electrónico: cim@sarria.es

CIM de Vilalba

Praza da Constitución, 1
27800 Vilalba
Telf. 982 523 032
Correo electrónico: cim@vilalba.org

CIM de Viveiro

Claustro de S. Francisco - Avda. de Cervantes, s/n
27850 Viveiro
Telf. 982 550 421
Correo electrónico: cim@viveiro.es

OURENSE

CIM de Avión

Praza do Concello, 1
32520 Avión
Telf. 988 486 000
Fax 988 490 705
Correo electrónico: muller@concelloavion.org

CIM do Barco

Praza do Concello, 1 - baixo
32300 O Barco de Valdeorras
Telf. 988 320 202
Correo electrónico: cim@concellodobarco.org

CIM do Carballiño

Rúa Faustino Santalices, 10
32500 O Carballiño
Telf. 988 531 076
Correo electrónico: cimcarballino@yahoo.es

CIM de Castro Caldelas

Rúa do Concello, 1
32760 Castro Caldelas
Telf. 988 203 000
Correo electrónico: cimcaldelas@yahoo.es

CIM da Mancomunidade Terra de Celanova

Barrio da Hermida, 39
32800 Celanova
Telf. 988 451 646
Correo electrónico: cimterradecelanova@yahoo.es

CIM da Mancomunidade de Concellos de Santa Águeda

A Pena
32101 Vilamarín
Telf. 988 286 184
Correo electrónico: cimsantaagueda@gmail.com

CIM da Pobra de Trives

Paseo de San Roque, 4 - 2º
32780 Pobra de Trives
Telf. 988 330 012
Correo electrónico: cimtrives@gmail.com

CIM da Mancomunidade Voluntaria do Ribeiro

Fondal de Beade, s/nº
32431 Beade
Telf. 988 477 153
Correo electrónico: cimribeiro@hotmail.com

CIM de Maceda

Rúa Toural, 2
32700 Maceda
Telf. 988 463 554
Correo electrónico: cimmaceda@hotmail.com

CIM de Muíños

Praza San Rosendo, 1
32880 Mugeimes - Muíños
Telf. 988 456 403
Correo electrónico: cim.muinos@hotmail.com

CIM de Ourense

Rúa Ensino, 24
32002 Ourense
Telf. 988 374 401
Correo electrónico: concelleriamuller@ourense.es

CIM de Verín

Avenida de Portugal, 11 bis - Casa da Xuventude
32600 Verín
Telf. 988 414 776
Correo electrónico: cimm@verin.net

CIM de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14
32550 Viana do Bolo
Telf. 988 329 260
Correo electrónico: cimviana@gmail.com

CIM de Xinzo de Limia

Avenida Madrid, 19 -1º
32630 Xinzo de Limia
Telf. 988 460 848
Correo elect.: cimconcelloxinzodelimia@gmail.com

Guía para o voluntariado en violencia de xénero

PONTEVEDRA

CIM de Baiona

Rúa Dolores Agrelo, 16 - 1º
36300 Baiona
Telf. 986 357 554
Correo electrónico: cim@baiona.org

CIM de Bueu

Rúa Pazos Fontenla, 29 - 2º
36930 Bueu
Telf. 986 324395
Correo electrónico: cim@concellodebueu.org

CIM de Caldas de Reis

Rúa Afonso VII, 2 - baixo
36650 Caldas de Reis
Telf. 986 530 814
Correo electrónico: cimcaldas@terra.es

CIM de Cangas

Rúa Andalucía, 3 – baixo – Edif. Xoia
36940 Cangas
Telf. 986 392 268
Correo electrónico: cim@cangas.org

CIM da Estrada

Praza da Constitución, 1
36680 A Estrada
Telf. 986 590 151
Correo electrónico: cim@astrada.com

CIM de Gondomar

Casa da Cultura
Rúa Portugal, 2 - baixo
36380 Gondomar
Telf. 986 360 224
Correo elect.: cim@concellodegondomar.com

CIM do Grove

Rúa Castelao, 173 - Baixo
36980 O Grove
Telf. 986 730 900
Correo electrónico: cim@concellodogrove.com

CIM da Guarda

Praza do Reló, s/n
36780 A Guarda
Telf. 986 614 648
Correo electrónico: muller@aguarda.es

CIM de Lalín

Rúa Castelao, nº 4
36500 Lalín
Telf. 986 780 014
Correo electrónico: cim@lalin.org

CIM da Lama

Avenida do Concello, nº 1
Telf. 986 768 238
136830 A Lama
Telf. 986 768 23
Correo electrónico: cim@concellodalama.com

CIM da Mancomunidade do Salnés

Rúa Ourense, 8, 3º andar
36630 Cambados
Telf: 986 520 510
Correo electrónico: cim@osalnes.com

CIM de Marín

Finca de Briz - Rúa A Costa, s/n
36900 Marín (Pontevedra)
Telf. 986 891 802
Correo electrónico: cimmarin@gmail.com

CIM de Moaña

As Barxas, 2
36950 Moaña
Telf. 986 313 600
Correo electrónico: moanacim@hotmail.com

CIM de Nigrán

Cruce Rúa Mariñeiro.
Estrada Pola Vía, 65
36350 Nigrán
Telf. 986 383 081
Correo electrónico: cim@nigran.org

CIM de Poio

Rúa Domingo Fontán, 4A
36005 Poio
Telf. 986 874 238
Correo electrónico: igualdade@concellodepoio.org

CIM de Ponteareas

Rúa Oriente, 8
36860 Ponteareas
Telf. 986 644 653
Correo electrónico: cim@ponteareas.es

CIM de Ponte Caldelas

Avd. de Galicia, 17
36820 Ponte Caldelas
Telf. 986750013 (ext. nº 4)
Correo electrónico: cim@pontecaldelas.org

CIM de Pontevedra

Chalé de Fontoira
Rúa Xofre de Tenorio, 1 - baixo
36002 Pontevedra
Telf. 986 864 825
Correo: igualdade@concellopontevedra.es

CIM de Porriño

Rúa Antonio Palacios, 1
36400 Porriño
Telf. 986 337 429
Correo electrónico: cim@concellodoporrino.net

CIM de Redondela

Rúa Isidoro Queimaliños, 2
36800 Redondela
Telf. 986 408 043
Correo electrónico: igualdade@redondela.info

CIM de Sanxenxo

Rúa Rafael Pico, 4
36970 Portonovo
Telf. 986 727 901
Correo electrónico: cim@sanxenxo.org

CIM de Silleda

Rúa Chousa Nova, 67
36540 Silleda
Telf. 986 592037
Correo electrónico: cim@silleda.es

CIM de Soutomaior

Peirao 8 - Multiusos de Arcade
36690 Arcade
Telf. 986 701 227
Correo electrónico: cim@soutomaior.es

CIM de Vigo

Rúa Romil, 20
36202 Vigo
Telf. 986 293 963
Correo electrónico: info.muller@vigo.org

CIM de Vilagarcía de Arousa

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Telf. 986 099 200
Correo electrónico: muller@vilagarcia.es

CIM de Vilanova

Lugar do Esteiro, s/n - Casa da Cultura
36620 Vilanova de Arousa
Telf. 986 554 845
Correo electrónico: cim@vilanovadearousa.com

Colexios de Avogadas/os de Galicia

Ilustre Colexio de Avogadas/os da Coruña

C/ Federico Tapia, 11 Baixo
15005 A Coruña
Tlf.: 981 126 090

Ilustre Colexio de Avogadas/os de Santiago de Compostela

C/ Eduardo Pondal, 4 baixo
15702 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 581 713 / 560 543

Ilustre Colexio de Avogadas/os de Lugo

C/ Pascual Veiga, 2
27002 Lugo
Tlf.: 982 241 007

Ilustre Colexio de Avogadas/os de Ourense

R/ Concello, 22 Baixo
32003 Ourense
Tlf.: 988 210 076

Ilustre Colexio de Avogadas/os de Pontevedra

Rúa Reina Victoria, 9
36001 Pontevedra
Tlf.: 986 896 866 / 896 788

Ilustre Colexio de Avogadas/os de Vigo

Praza de América, portal Oficinas 2 – 1º
36211 Vigo
Tlf.: 986 208 111

Asociacións/Entidades

Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo

Rúa Oliva, 12
36202 Vigo
Tlf.: 986 222 328

Asociación de promoción da muller Liberanza

Rúa Ulla, 27, 1º E
15702 Santiago de Compostela
Tlf.: 981.939 141

Asociación de loita contra os malos tratos (ALMAT)

Avda. Castelao, local 5, Caranza
15406 Ferrol
Tlf.: 607 603 442

Asociación lucense de axuda a enfermos mentais (ALUME)

Rúa Nicomedes Pastor Díaz, 6-8
27001 Lugo
Tlf.: 982 251 602

Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia (ACADAR)

Rúa Dublín, 3 baixo
15707 Santiago de Compostela
Tlf.: 674 073 092

Asociación de mulleres separadas e divorciadas (A Coruña)

Pza. Álamos, pta. 5º
15008 A Coruña
Tlf.: 629 834 635/981 230 638

Asociación de mulleres separadas e divorciadas (Lugo)

Rúa Río Ser, 30, 1º
27004 Lugo
Tlf.: 982 242 758/630 476 212

Asociación de mulleres separadas e divorciadas (Ourense)

Avda. Buenos Aires, 58 entrechán
32004 Ourense
Tlf.: 988 238 712

Asociación de mulleres xuristas de Galicia

Rúa Arquitecto Rey Pedreira, 27, 4º dta.
15011 A Coruña
Tlf.: 981 269192/676 447 606

Asociación Faraxa pola abolición da prostitución

Ronda de Don Bosco, 18
36202 Vigo
Tlf.: 986 132 068

Asociación de inmigrantes e refuxiadas (ACCEM)

Rúa José Toubes Pego, 1-1º
15007 A Coruña
Tlf.: 981 168 897

Asociación Ecos do Sur

Rúa Ángel Serra, 25-1º
15007 A Coruña
Tlf.: 981 150 118

Cruz Vermella

Rúa Cruz Roja Española, 1
15002 A Coruña
Tlf.: 981 221 000

Médicos do Mundo

Rúa Eduardo Pondal, 2 baixo
15702 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 578 182

Asociación ALIAD-UTREIA

Rúa Milagrosa, 99-101, entresollado
27003 Lugo
Tlf.: 982 251 948

Cáritas Diocesana de Santiago

Rúa Loureiros, 3 baixo
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 585 515

Cáritas Diocesana de Ourense

Rúa Eironciño dos Cabaleiros, 5
32005 Ourense
Tlf.: 988 244 650

Cáritas Diocesana de Lugo

Rúa Cruz, 1
27001 Lugo
Tlf.: 982 242 009

RR. Adoratrices de Ourense

Rúa Progreso, 121
32003 Ourense
Tlf.: 988 371 153

HH. Oblatas de Ferrol

Rúa Espartero, 51
15401 Ferrol
Tlf.: 981 353 889

12. Glosario

ANDROCENTRISMO. Observación do mundo que nos rodea desde a perspectiva do dominio do modelo masculino. O modelo social androcéntrico sitúa o home no centro da vida, do pensamento e da súa organización.

AUTOESTIMA. Valoración que facemos de nós mesmas/os, das nosas habilidades, gustos, forma de ser e de pensar. Temos autoestima positiva cando a valoración que realizamos sobre nós é positiva e nos satisfai. A autoestima é negativa cando non nos aceptamos como somos e necesitamos constantemente agradar ás demais persoas.

CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL. Supón propiciar as condicións para lograr un equilibrio adecuado entre as responsabilidades persoais, familiares e laborais. No entanto, é un concepto que, tradicionalmente, apareceu ligado, en exclusiva, ás mulleres, polo que é necesario trascender o seu significado para lograr unha auténtica “corresponsabilidade”, prestando especial atención aos dereitos dos homes nesta materia, evitando que as mulleres sexan as únicas beneficiarias dos dereitos relativos ao coidado de fillos/as e outras persoas dependentes (e calquera outra responsabilidade familiar), xa que a asunción en solitario por parte das nais destes dereitos entra en colisión co seu dereito a acceder e permanecer no emprego.

CORRESPONSABILIDADE. Concepto que vai máis alá da mera “conciliación” e que implica compartir a responsabilidade dunha situación, infraestrutura ou actuación determinada. As persoas ou axentes corresponsables posúen os mesmos deberes e dereitos na súa capacidade de responder polas súas actuacións nas situacións ou infraestruturas que están ao seu cargo. Habitualmente, en plans de igualdade e programas vinculados, relaciónase directamente co reparto equitativo de tarefas e responsabilidades domésticas e familiares entre todas as persoas que conviven no fogar (homes e mulleres).

DISCRIMINACIÓN. É toda forma de menosprezo, distinción ou exclusión, restrición ou preferencia feita (con ou sen distinción) por persoa, grupo ou institución, baseada en raza, cor, sexo, relixión, descendencia, orixe étnico, idade, orientación sexual ou calquera característica análoga que anule ou menoscabe o recoñecemento, gozo ou exercicio en condicións de igualdade dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais tanto nas esferas políticas, sociais, económicas, culturais, como en calquera outra.

DISCRIMINACIÓN CONTRA AS MULLERES. Distinción, exclusión ou restrición baseada no sexo que teña por obxecto ou resultado menoscabar ou anular o recoñecemento, gozo ou exercicio pola muller, independentemente do seu estado civil, sobre a base da igualdade do home e a muller, dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais nas esferas política, económica, social, cultural e civil ou en calquera outra esfera (CEDAW).

DISCRIMINACIÓN POR XÉNERO. Refírese ás pautas, normas, prácticas e decisións que non tratan con igualdade os dereitos e intereses de homes e mulleres e/ou que dan lugar a resultados de desigualdade.

DISCRIMINACIÓN POSITIVA. Modalidade de acción positiva que privilexia o colectivo desfavorecido. Afecta principalmente o punto de chegada; é dicir, asegura o resultado. A súa finalidade é igualar a situación e posición de mulleres e de homes. É unha discriminación positiva que unha empresa promova a unha muller para equilibrar a representación feminina no equipo directivo, sempre e cando exista igualdade de condicións e méritos entre esta muller e outros posibles candidatos.

DIVISIÓN DO TRABALLO EN FUNCIÓN DO XÉNERO (OU DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO). Refírese á división do traballo remunerado e non remunerado de homes e mulleres, respectivamente, na vida pública e privada, en función dos roles que tradicionalmente se lles asignaron. Dito doutro xeito: refírese ao reparto social de tarefas en función do sexo polo que se concede validez practicamente universal á crenza de que “as mulleres teñen maior responsabilidade que os homes no coidado e crianza e nas ocupacións domésticas, mentres que os homes se dedican máis ás tarefas extradomésticas, que comprenden desde o ámbito económico e político ata o relixioso e cultural”.

EMPODERAMENTO. Termo acuñado na IV Conferencia Mundial das Mulleres en Beijing (Pequín), en 1995, para referirse ao aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Actualmente, esta expresión implica tamén outra dimensión: a toma de conciencia do poder que, individual e colectivamente, posúen as mulleres e que ten que ver coa recuperación da súa propia dignidade como persoas.

ESCALADA DA VIOLENCIA. Utilizado no ámbito da violencia de xénero que se dá nas relacións de parella fai referencia ao proceso paulatino e ascendente de etapas nas que a intensidade e a frecuencia das actitudes violentas e agresións se vai incrementando a medida que pasa o tempo.

ESTEREOTIPOS. Son ideas, actitudes e valores que se fixan e se perpetúan na sociedade con respecto ás características de determinadas persoas —e, concretamente, de mulleres e homes—, as súas capacidades e características. Os estereotipos xorden dunha xeneralización excesiva dunha característica ou aspecto do grupo ou persoa a quen se fai referencia.

ESTEREOTIPOS DE XÉNERO. Características xeneralizadas e aceptadas culturalmente sobre os comportamentos e actitudes que se supón —polo feito da súa aceptación implícita— que homes e mulleres deben amosar.

FEMINISMO. Prové do vocábulo francés *féminisme*, que significa “mullerismo”, establecido a inicios do século XIX e que facía referencia a quen defendía os dereitos das mulleres. Unha das tantas acepcións do concepto alude “á necesidade de cambiar a condición de subordinación da muller, como requisito para o desenvolvemento pleno das súas potencialidades”. Outros esforzos por argumentar o concepto dunha forma moito máis sólida sostén que o feminismo comprende varios elementos que van desde o punto de vista doutrinario, como movemento social, como categoría reivindicativa e quizás como formulación política para o cambio. Así, como doutrina, o feminismo avoga pola igualdade dos dereitos sociais e políticos das mulleres respecto dos homes; como movemento social e organizado para a concreción deses dereitos;

Guía para o voluntariado en violencia de xénero

logo como loita reivindicativa das demandas do colectivo de mulleres e das formulacións teóricas que crearon; e, por último, como argumento político que destaca a necesidade dun “cambio profundo” que asegure a equidade.

Resumindo, pode definirse como movemento social e político que supón a toma de conciencia por parte das mulleres —como grupo ou colectivo humano— da opresión, dominación e explotación de que foron e son obxecto por parte do colectivo de homes no seo do patriarcado baixo as súas distintas fases históricas de modelo de produción, o cal as move á acción para a liberación do seu sexo con todas as transformacións da sociedade que aquela requira.

IGUALDADE DE XÉNERO. Enténdese como unha relación de equivalencia no sentido de que as persoas teñen o mesmo valor, independentemente do seu sexo. A igualdade de xénero é o concepto normativo regulador dun proxecto de transformación social, que afecta non só a maneira na que as mulleres viven no mundo —traballo, coidados etc.—, senón tamén a maneira na que os homes se implican nese proceso. Falar de igualdade de xénero non implica negar que existen diferenzas entre mulleres e homes, senón defender que unhas e outros temos os mesmos dereitos, e que debemos ter liberdade para escoller a nosa propia vida sen que por iso a sociedade nos marque.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES. Principio que presupón que homes e mulleres teñan as mesmas garantías de participación plena en todas as esferas da sociedade (económica, política, social...). É un concepto básico para a aplicación da perspectiva de xénero, xa que se busca beneficiar por igual a homes e mulleres, para que poidan desenvolver plenamente as súas capacidades e mellorar as súas relacións (entre ambos os sexos e tamén no contorno que os rodea).

MACHISMO. Fenómeno sociocultural que exalta os valores masculinos, a virilidade, o poder dos homes, expresado con violencia, forza e, ante todo, a actitude de superioridade e dominio sobre as mulleres. É un conxunto de normas, actitudes e trazos socioculturais do home cuxa finalidade, explícita e/ou implícita, foi e é producir, manter e perpetuar a submisión da muller a todos os niveis: sexual, procreativo, laboral e afectivo. A palabra machismo é utilizada primordialmente no ámbito coloquial e popular. Un termo máis apropiado (sobre todo a nivel ideolóxico) para expresar ese concepto é o sexismo, xa que o primeiro se utiliza para caracterizar aqueles actos, físicos ou verbais, por medio dos cales se manifesta de forma vulgar o sexismo subxacente na estrutura social.

MICROMACHISMOS. Comportamentos “invisibles” de violencia e dominación, que case todos os homes realizan de forma cotiá no ámbito das relacións de parella. Tamén chamados por algunhas persoas expertas “pequenas tiranías, terrorismo íntimo ou violencia “branda”, comprenden un amplo abanico de manobras interpersoais que impregnan os comportamentos masculinos no nivel do case imperceptible.

ORDE DE PROTECCIÓN. Resolución xudicial na que se establecen medidas de protección para a vítima de violencia familiar, tanto de natureza penal, como civil e social. Para outorgala, o/a xuíz/a valorará se existe unha situación de risco para a vítima.

PATRIARCADO. Forma de organización social en que o home exerce a autoridade en todos os ámbitos, asegurándose a transmisión do poder e a herdade por liña masculina. É un sistema político-histórico-social baseado na construción de desigualdades que impón a interpretación das diferenzas anatómicas entre homes e mulleres, construindo xerarquías; a superioridade queda a cargo do xénero masculino e a inferioridade asociada ao xénero feminino. Os sistemas patriarcais introducen o dominio sobre as mulleres e os nenos e nenas e conducen a que estes non soamente o acaten, por razóns de supervivencia, senón que finalmente consintan en defendelo ou en formar parte del como algo inevitable e natural.

PATRIA POTESTADE. É o conxunto de deberes e facultades que a lexislación civil (artigos 154 e 155 C. C.) establece para as persoas proxenitoras con respecto dos fillos e fillas e supón a súa obriga de velar por eles/as, telos/as na súa compañía, alimentalos/as, educalos/as e prestar-lles unha formación integral, actuando sempre no seu beneficio. Desde o momento en que unha destas obrigas dos proxenitores con respecto aos/ás menores non se cumpre, os poderes públicos teñen a obriga de pór en marcha os mecanismos oportunos e adoptar as medidas de protección respecto diso

PERSPECTIVA DE XÉNERO. Tomar en consideración e prestar atención a diferente situación e posición de mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dunha política.

POLÍTICAS DE IGUALDADE. Son as intervencións de tipo político para levar á realidade o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

PRINCIPIO DE IGUALDADE. Principio xurídico que establece que todos os seres humanos deben ter os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades, independentemente do seu sexo, orixe étnica, ideoloxía, relixión, lingua ou clase social.

RELACIÓNS DE XÉNERO. Son un conxunto de relacións sociais que determinan as interaccións dos seres humanos en tanto que persoas sexuadas. Son socialmente construídas e, polo tanto, son transformables; non proceden da bioloxía nin son necesariamente harmoniosas, ao contrario, poden ser de oposición e conflito. Dado que estes conflitos están determinados socialmente, poden adoptar formas moi distintas en diversas circunstancias; a miúdo adoptan a forma de dominación masculina e subordinación feminina. Precisamente é o xénero o elemento estruturador dese conxunto de relacións. Interven en na construción da identidade de xénero das persoas: sociais, económicas, políticas.

ROLES DE XÉNERO. Conxunto de normas de comportamento percibidas asociadas particularmente como masculinas ou femininas, nun grupo ou sistema social dado. Son os papeis e expectativas diferentes para mulleres e homes que marcan a diferenza respecto a como ser, como sentir e como actuar, asignados pola sociedade en que vivimos. Como consecuencia diso as persoas desenvólense como mulleres ou como homes identificándose cos roles que polo seu sexo lle foron asignados.

SEXISMO. Discriminación que deriva de tratar de maneira diferente as persoas en función do seu sexo. Mecanismo polo que se privilexia un sexo sobre outro. Conceptos e condutas

Guía para o voluntariado en violencia de xénero

patriarcais que mantén en situación de inferioridade e subordinación o sexo feminino. Está presente en todas as formas da vida social e todos os ámbitos das relacións humanas, é dicir, as formas prácticas de actuar. Consiste en aceptar que un dos dous sexos ten superioridade sobre o outro. A construción dunha orde simbólica en que as mulleres son consideradas inferiores aos homes implica unha serie de comportamentos e actitudes estereotipados que conducen á subordinación dun sexo con respecto ao outro.

SEXO. Conxunto de diferenzas biolóxicas, físicas, anatómicas e fisiolóxicas que diferencia a machos e femias en calquera especie animal e no caso do ser humano, a mulleres e homes. Estas diferenzas son universais e inmutables. O sexo é unha construción natural coa que se nace.

TRÁFICO DE MULLERES. Comercio de mulleres para convertelas en “escravas modernas”, onde se combinan dous propósitos: como man de obra barata ou para a explotación sexual. No fondo, o tráfico de mulleres implica a privación da súa liberdade individual, o que atenta contra os seus dereitos humanos.

TRATA DE SERES HUMANOS/MULLERES E NENOS/AS. Comercio con seres humanos, fundamentalmente mulleres e menores, quen son sometidas/os á escravitude como man de obra barata ou para a súa explotación sexual.

VÍTIMA. Persoa á que se infrinxe calquera tipo de violencia.

VITIMIZACIÓN. Proceso polo que se converte a alguén en vítima; é o conxunto de efectos psicossociais inducidos sobre a vítima e o seu contorno social polos eventos interpersoais e sociais tipificados penalmente como delitos. Por exemplo, en casos de violación fálase da “vitimización da vítima”. Isto significa, por exemplo que unha muller vítima de violación debe primeiro convencer a aquelas que forman parte do seu contorno de que en realidade foi violada e iso, en ocasións, só o pode facer se ten lesións físicas ou presenza dalgunha sustancia narcótica no seu sistema, a non resistencia constitúese na participación do feito.

VIOLACIÓN. Penetración sexual pola forza no corpo dunha persoa. Algúns códigos refírense soamente ao pene e ao orificio vaxinal; outros a calquera instrumento e orificio do corpo. É concibida coma unha agresión contra a liberdade sexual da muller. As violacións son máis frecuentes do que imaxinamos aínda que é moi difícil coñecer a súa incidencia real, pois moitos destes delitos non se denuncian, ben sexa por temor ao agresor, por vergoña, polo rexeitamento social á violada, pola dificultade de demostrar os feitos ou por desconfianza no sistema policial e xudicial, que en ocasións tende a culpabilizar a propia vítima.

Isto é así debido a que, atendendo á consideración que teñen algúns homes —tamén xuíces— do papel das mulleres, certas condutas ou características son interpretadas como unha provocación, por exemplo, exercer a prostitución, facer autostop, subir a un coche cun descoñecido, permanecer ata moi tarde fóra do domicilio... Ningunha destas condutas indica obxectivamente corresponsabilidade por parte da muller violada, agás nunha mentalidade machista.

VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS. Acción ou omisión do Estado e dos seus axentes, que atentan contra os principios ou normas nacionais ou internacionais en materia de dereitos humanos.

VIOLENCIA DOMÉSTICA/VIOLENCIA FAMILIAR. Toda forma de violencia física, sexual ou psicolóxica que pon en perigo a seguridade ou o benestar dun membro da familia: recurso á forza física ou á chantaxe emocional; ameazas de recurso á forza física, incluída a violencia sexual, na familia ou no fogar. Neste concepto inclúese o maltrato infantil, o incesto, o maltrato de mulleres e os abusos sexuais ou doutro tipo contra calquera persoa que conviva baixo o mesmo teito.

VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES. Enténdese como calquera acción ou conduta contra persoas do sexo feminino, que teña ou poia ter como resultado o dano ou o sufrimento físico, sexual ou psicolóxico, ou morte da muller, así como as ameazas, a coacción ou a privación de liberdade, xa sexa na vida pública ou privada. Outras modalidades da violencia contra a muller obsérvanse cando se dan humillacións, acusacións falsas, persecución, ou ben se lle prohibe saír da casa, traballar, estudar, ter amigas, visitar familiares ou ameazar con quitarlle os/as fillos/as.

VOLUNTARIADO. Traballo das persoas que serven a unha comunidade ou ao medio ambiente por decisión propia e libre. O termo tamén fai referencia ao conxunto de ditas persoas (voluntarios e voluntarias). O III Plan galego de acción voluntaria (2011-2014) concibe o voluntariado “como forma de actuar desde o local para acadar unha cidadanía global máis xusta equitativa ... como unha expresión específica das múltiples formas de participación social que emerxen na sociedade. Esta forma de participación social está regulada por lei, pero é dinámica e desborda as estruturas das organizacións e administracións que están ao seu servizo.

XÉNERO. Construción social en torno aos roles e identidades sociais que se asignan a mulleres e homes, e que son variables, segundo o contexto cultural, o momento histórico e a situación social. É o conxunto de valores, formas de comportamento, expectativas e características psicolóxicas, que se asignan de maneira diferenciada de acordo co sexo das persoas. O feminismo académico anglosaxón impulsou o uso deste concepto nos anos 70 para pór en relevo que as desigualdades entre mulleres e homes son socialmente construídas e non biolóxicas. Distinguir claramente a diferenciación sexual —determinada polo sexo cromosómico, gonadal, hormonal, anatómico e fisiolóxico das persoas— das interpretacións que cada sociedade fai dela permitía unha mellor comprensión da realidade social e perseguía un obxectivo político: demostrar que as características humanas consideradas femininas son adquiridas polas mulleres mediante un complexo proceso individual e social, en lugar de derivarse naturalmente do seu sexo biolóxico.

galicia



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA